

CONCELLO
DE VIGO



www.igualdadevigo.org

Exposición itinerante


VIOLENCIA

SEXUAL

NA XUVENTUDE

INFÓRMATE!

- Dossier -



Exposición itinerante

A VIOLENCIA SEXUAL NA XUVENTUDE. INFÓRMATE!

O Concello de Vigo ten asinado un convenio de colaboración co Instituto da Muller (Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade) para desenvolver na nosa cidade o Programa IRENE: programa de información, formación e prevención da violencia sexual na mocidade. Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

No marco deste convenio a Concellería de Igualdade ofrece esta exposición **“A Violencia Sexual na Xuventude. Infórmate!”** dirixida a mozos e mozas, para compartir con escolas, asociacións e centros interesados.

Co obxecto de ofrecer contido e información a un tema tan actual como é a Violencia Sexual na Xuventude, a Concellería de Igualdade ofrece aos centros a posibilidade de solicitar, durante un tempo, dita exposición no seu centro. No caso de ter interese terán que enviar o formulario debidamente cuberto á nosa oficina como figura ao pé do mesmo.

datos da exposición

A dita exposición consta de dez paneis, cada un co seu título por se se utilizara parcialmente.

A medida de cada panel é de 210 (alto) x 120 cms (ancho).

A exposición ocupa uns 17 metros lineais. Cada panel está numerado, e co seu título, segundo o contido.

Cada panel está identificado co seu número na parte traseira para coñecer a orde lóxica da exposición, aínda que os números van detrás por se nalgún momento quereamos expresamente cambialos.

panel 1, créditos

Panel 2, identificación da violencia sexual

Panel 3, tipos de violencia sexual

Paneis 4 e 5 van máis dirixidos a posibles moz@s que sufran esta violencia, nel se sinalan as consecuencias e como recoñecela para poder afrontar esta situación

Panel 6, vai dirixido ao grupo. Responde á pregunta de como podemos axudar? ou que podemos facer? coa intención de que o alumnado poda solidarizarse coa persoa agredida e actuar en consecuencia, illando ao agresor e apoiando a persoa agredida

Panel 7, está pensado para que o alumnado reflexione sobre a forma de relacionarse. Identifica situacións e actitudes de violencia e control.

Panel 8, defínese a violencia de xénero, pois a violencia sexual é unha das súas manifestacións. Aquí incluimos os recursos.

Os paneis 9 e 10 son positivos. Son claves para que mozos e mozas manteñan relacións en igualdade e liberdade, queréndose primeramente a elas e eles mesmos e respectando as diferenzas d@s demais.

Ao mesmo tempo consideramos oportuno finalizar a expo analizando no panel 10 se a relación que manteñen mozos e mozas é de bo trato.

Esta exposición conta con material de apoio como, un manual coa información ampliada para a persoa encargada de tratar co contido e como coa web da concellería de igualdade: www.igualdadevigo.org/violenciasesexualxuventude

que é a VIOLENCIA SEXUAL?

- cando te obrigan a manter relacións sexuais ou calquera tipo de contacto sexual sen que ela ou el o desexe
- cando alguén toca o noso corpo sen que nós llo permitamos, ou alguén nos obriga a tocar o corpo doutra persoa
- cando te obrigan a espiarte ou acariñar-te íntimamente
- cando alguén se ispe ou se acariña intimamente diante de ti
- cando te acosan verbalmente, con palabras, chamadas e/ou imaxes de contido sexual
- cando te obrigan a manter relacións sexuais sen protección

LEMBRA.....

A violencia sexual é calquera acto de natureza sexual tanto físico, psicolóxico ou verbal no que se obrigue unha moza ou un mozo a participar en contra dos seus desexos

A violencia sexual é un delito.

As estatísticas dinnos que as mozas son as que sofren máis casos de violencia sexual, aínda que esta tamén se exerce sobre mozos.

Segundo os datos do estudo “ Igualdade e prevención da violencia de xénero na adolescencia”, realizado pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero e a Universidade Complutense no 2011)

5 de cada 100 mozas adolescentes e 1 de cada 100 mulleres universitarias, recoñecen que se sentiron obrigadas a realizar condutas de tipo sexual nas que non querían participar

7 de cada 100 mozas adolescentes recibiu mensaxes a través de internet e/ou teléfono móbil nos que as insultaban, ameazaban, ofendían ou asustaban

12 de cada 100 mulleres novas entre 18 e 29 anos manifestaron que sufriron violencia de xénero algunha vez na súa vida.

Quen exerce a violencia sexual busca a súa satisfacción persoal a través do dominio, o control e o sometemento da vítima.

Na maioría dos casos, a violencia sexual é exercida por persoas do noso contorno máis próximo: amizades, familiares, e/ou persoas coñecidas,...

Parécenos esaxerado?

Por desgraza non o é. Na actualidade o nivel de violencia sexual é moi alto. Por exemplo as cifras relativas ás violacións aumentan anualmente.

Só en España se denuncian unha media de 6.500 casos de violencia sexual cada ano.

Os estudos especializados indican que o 75% dos delitos sexuais NON se denuncian.

2 de cada 100 mulleres as que o xulgado outorga unha medida de protección como vítima de violencia son mulleres menores de idade.

QUE É a violencia sexual?

Cando te obrigan a manter calquera tipo de contacto sexual non desexado

Cando te obrigan a espiarte ou acariñar-te intimamente ou mirar como alguén o fai diante de ti

Cando te acosan con palabras, chamadas ou imaxes de contido sexual

Cando te obrigan a manter relacións sexuais sen protección

Lembra...

A violencia sexual é calquera acto de natureza sexual tanto físico, psicolóxico ou verbal no que se obrigue a unha moza ou un mozo a participar en contra dos seus desexos.

Quen exerce a violencia sexual busca a súa satisfacción persoal a través do dominio, o control e o sometemento da vítima.

Na maioría dos casos, a violencia sexual é exercida por persoas do noso contorno máis próximo: amizades, familiares, ou persoas coñecidas...

As estatísticas dinnos que as mozas son as que máis sofren esta violencia, aínda que tamén se exerce sobre mozos.

A violencia sexual é un delito.

PARÉCEVOS ESAXERADO?

MIRADE AS ESTADÍSTICAS E BOTADE AS CONTAS

Só en España se denuncian unha media de **6.500** casos de violencia sexual cada ano.

12 de cada 100 mulleres novas entre 18 e 29 anos manifestaron que sufriron violencia de xénero algunha vez na súa vida.

2 de cada 100 mulleres as que o xulgado outorga unha medida de **protección** como vítima de violencia son **menores** de idade.

5 de cada 100 mozas adolescentes e **1 de cada 100** mulleres universitarias, recoñecen que se sentiron obrigadas a condutas de tipo sexual nas que non querían participar.

Os estudos especializados indican que o **75%** dos delitos sexuais **NON** se denuncian.

TIPOS de violencia sexual máis frecuentes:

AGRESIÓN SEXUAL

Calquera acto contra a liberdade sexual dunha persoa, no que se emprega a violencia e/ou intimidación para manter un contacto sexual non desexado. A VIOLACIÓN está tipificada pola lei como a forma máis grave de agresión sexual

ABUSO SEXUAL

Se valéndose da túa confianza e/ou cariño, manipulante para conseguir que realices tocamientos sexuais que doutro xeito non consentirías.

ACOSO SEXUAL

Se desde unha posición de autoridade (no ámbito laboral, escolar, ...), alguén che pide favores sexuais coaccionándote con ameazas.

Se alguén te piropease, che fai comentarios de contido sexual e humillantes de xeito constante e repetitivo, ou che fai tocamientos non desexados, co fin de conseguir incomodarte e/ou intimidarte.

CIBERVIOLENCIA SEXUAL

A Ciberviolencia Sexual é a violencia que ocorre de xeito virtual, utilizando as TIC's como medio para facer dano ou dominio. Pode exercerse por parte de parellas, exparellas, persoas coñecidas ou descoñecidas. A posibilidade de realizar contactos, insultos e humillacións públicas a través das TIC's e a facilidade de mecanismos de control da conexión "o último estado on-line", converten a estas ciberviolencias en novos medios de exercer o dominio e o control sobre as mozas e os mozos.

A ciberviolencia sexual maniféstase de distintas formas:

SEXTING: consiste no envío de fotos e/ou vídeos de contido sexual a outra persoa a través de teléfono móbil, redes sociais,.... Por exemplo fotos íntimas, en roupa interior, etc...

SEXTORSIÓN: forma de explotación sexual na cal se chantaxea unha persoa por medio dunha imaxe de si mesma espida que se compartiu a través de internet mediante sexting

CIBERBULLING: consiste no uso de medios telemáticos (internet, teléfonos móbiles, consolas de xogos, etc...), para exercer acoso psicolóxico entre menores (non interveñen persoas adultas), de xeito individual ou grupal: humillacións, ameazas, chantaxes, acoso, etc.

Cando no acoso intervén algunha persoa adulta, denomínase CIBERACOSO.

GROOMING OU ENGATUSAMENTO: prácticas on-line de certas persoas adultas para gañar a amizade e a confianza dun/dunha menor finxindo empatía, cariño, etc, cun fin sexual (sendo en moitas ocasións a antesala dun futuro abuso sexual)

- **Lembra que...** nas redes sociais e en internet a túa foto, as túas imaxes son PÚBLICAS e calquera persoa pode facer uso ou un mal uso delas.
- **Lembra que...** aínda que teñas permiso para sacar unha foto íntima a outra persoa, non significa que teñas permiso para difundila!
- **Lembra que...** se algún amigo ou amiga che envía unha foto íntima súa, non tes permiso para distribuila entre as e os teus coñecidos. No caso de facelo así, estarás incorrendo nun delito (Sexting)
- **Lembra que...** se unha persoa coñecida che envía unha foto ou vídeo con imaxes íntimas doutra persoa, non debes colaborar na súa propagación. Non deas continuidade á cadea do sexting, pois ademais de lle facer dano á persoa que figura nas imaxes, terías consecuencias para ti ao incorrer igualmente no delito de sexting.
- **Lembra que** se lle solicitas a alguén o envío de fotos e/ou imaxes íntimas, ten o seu risco, pois aínda que ti non teñas malas intencións, algunha terceira persoa podería facerse con elas e facer-vos dano a ti e a persoa que aparece nas fotografías.

Tipos de violencia sexual

AGRESIÓN SEXUAL

Calquera acto contra a liberdade sexual dunha persoa, no que se emprega a violencia ou intimidación para manter un contacto sexual non desexado. A VIOLACIÓN está tipificada pola Lei como a forma máis grave de agresión sexual

ABUSO SEXUAL

Se valéndose da túa confianza e/ou cariño, manipulante para conseguir que realices tocamientos sexuais que doutro xeito non consentirías.

ACOSO SEXUAL

Se desde unha posición de autoridade (no ámbito laboral, escolar, ...), alguén che pide favores sexuais coaccionándote con ameazas.

Se alguén te piropease, che fai comentarios de contido sexual, ou tocamientos non desexados, co fin de conseguir incomodarte e/ou intimidarte.

CIBERVIOLENCIA SEXUAL

É a violencia que ocorre de xeito virtual, utilizando as TIC's como medio para facer dano ou dominio. Pode exercerse por parte de parellas, exparellas, persoas coñecidas ou descoñecidas.


A ciberviolencia sexual maniféstase de distintas formas:

SEXTING: consiste en difundir fotos ou vídeos de contido sexual a través de teléfono móbil ou redes sociais.

SEXTORSIÓN: chantaxear utilizando imaxes ou vídeos compartidos na rede. Por exemplo fotos íntimas, en roupa interior, etc...

CIBERBULLING: Acoso psicolóxico entre menores, de xeito individual ou grupal: humillacións, ameazas, chantaxes, acoso, etc. utilizando as TIC's. Cando intervéñ algunha persoa adulta, denomínase **CIBERACOSO**

GROOMING OU ENGATUSAMENTO: prácticas on-line de certas persoas adultas para gañar a amizade e a confianza dun/dunha menor fingindo empatía, cariño, etc cun fin sexual



LEMBRA...

Aínda que teñas permiso para facer ou ver unha foto íntima doutra persoa, non significa que teñas permiso para difundila. Calquera que a difunda ou colabore na súa propagación estará incorrendo nun delito (Sexting).

É verdade que tes dereito a compartir calquera foto con persoas da túa confianza, pero valora os riscos. Unha vez que unha imaxe ou vídeo entra na rede deixas de ter control sobre ela, inda que a borres alguén puido gardala polo que en calquera momento, incluso anos despois, pode reaparecer on-line. Sempre formará parte da tua identidade dixital. Pensa en todo isto antes de compartir ou publicar.

O que non farías na rúa, non o fagas tampouco nas redes sociais. Internet é un espazo público e calquera pode estar observando.

Na rede non hai nada totalmente privado!!!

As mozas e os mozos que sufriron unha agresión sexual, senten

CULPA: quedan pensando... faría algo que contribuíse a que me agredisen?, Por que me pasou a min?

VERGOÑA: pensan que o seu corpo quedou manchado, que pensarán e dirán as e os demais de min....

MEDO: a maioría dos casos calan, non o contan, non o denuncian.

DEPRESIÓN OU ANSIEDADE: deterioro da imaxe persoal, problemas de alimentación, de sono, de estudo,...

DIFICULTADE para establecer ou manter relacións de amizade ou trato con novas parellas

As consecuencias da violencia sexual sobre unha moza ou un mozo poden ser múltiples e específicas en función da particularidade de cada persoa. Poden afectar a moitos aspectos das súas vidas: comportamento, estudos, futuras relacións íntimas, amizades e sobre todo á súa saúde

SOBRE A SAÚDE FÍSICA

Embarazos non desexados

Contaxio de enfermidades de transmisión sexual

Aparición dalgunha disfunción sexual

SOBRE A SAÚDE MENTAL

Depresión,

Ansiedade

Medos

Baixa autoestima

Trastornos da alimentación ou do sono

Illamento, soidade,....

PIDE AXUDA

Consecuencias



AS mozas e os mozos que sufriron unha agresión sexual, SENTEN...

E TAMÉN

CULPA: quedan pensando... faría algo que contribuíse a que me agredisen?, Por que me pasou a min?

VERGOÑA: pensan que o seu corpo quedou manchado, que pensarán e dirán as e os demais de min....

MEDO: na maioría dos casos calan, non o contan, non o denuncian.

DEPRESIÓN OU ANSIEDADE: deterioro da imaxe persoal, problemas de alimentación, de sono, de estudo...

DIFICULTADE para establecer ou manter relacións de amizade ou trato...

SAÚDE FÍSICA

- Embarazos non desexados
- Contaxio de enfermidades de transmisión sexual
- Aparición dalgunha disfunción sexual

SAÚDE MENTAL

- Depresión, ansiedade, medos
- Baixa autoestima
- Trastornos da alimentación ou do sono
- Illamento, soidade,....

AS CONSECUENCIAS

da violencia sexual sobre unha moza ou un mozo poden ser múltiples e específicas en función da particularidade de cada persoa.

Poden afectar a moitos aspectos das súas vidas: comportamento, estudos, futuras relacións íntimas, amizades e sobre todo á súa saúde.

PIDE AXUDA



- Algunha persoa aproveitouse da túa confianza ou dunha situación de xogo ou de bromas para chegar ao teu corpo sen que ti quixeses.
- Difundiron imaxes ou fotos túas íntimas ou sexuais, a través de móbil, internet ou redes sociais ou ameazáronte con facelo se non accedes ao que che piden.
- Bicarón ou tocáronche parte do teu corpo sen que ti quixeses nin o desexases, aínda que fose a túa parella.
- Forzáronte a dar un bico ou obrigáronte a espirte
- Algúen se che insinuou, se arrimou a ti ou se relacionou contigo a través de xestos e actitudes obscenas
- Aproveitaron que estabas durmida ou durmido e/ou inconsciente para tocarte, bicarte ou manter relacións sexuais sen o teu consentimento
- A túa parella, unha amizade, unha persoa coñecida, un familiar,... forzoute con insinuacións ou propostas sexuais que ti non desexabas

Se te sintes incómoda/o ante certos achegamentos, e non sabes se son unha broma....
 Se tes sentimentos confusos, contraditorios e non sabes que facer....
 Se pensas que non serás aceptada, se rexeitas ese achegamento....

...PENSA !

Sofres violencia sexual


**NON TES CULPA !!
 CÓNTAO
 PIDE AXUDA**

Non agoches a agresión recibida. Esfórzate por vencer a vergoña, o medo, o bloqueo. Non teñas medo ao “que dirán” e cóntao a alguén en quen cofíes e pídelle axuda. É conveniente **DENUNCIAR A AGRESIÓN** canto antes, isto facilitará a identificación e detección da persoa agresora.

Se podes escribe ou tenta reter todo o que che ocorreu, os detalles sobre a persoa que te agrediu, as testemuñas, se pensas que te obrigaron a inxerir algún tipo de substancia e/ou drogas.... Pode ser útil.

É posible que a persoa que te agrediu, queira culparte. Tamén haberá alguén do teu contorno que quizais non te entenda. Pero tamén contarás coas persoas que che mostran o seu apoio e o seu cariño. Confía nelas. É o momento de pensar en ti.

Sufriches violencia sexual?



Difundiron imaxes ou fotos túas íntimas ou sexuais, a través de móbil, internet ou redes sociais ou ameazáronte con facelo se non accedes ao que che piden.

Forzáronte a dar un bico ou obrigáronte a espirte

Algunha persoa aproveitouse da túa confianza ou dunha situación de xogo ou de bromas para chegar ao teu corpo sen que ti quixeses.

Bicáronte ou tocáronche parte do teu corpo sen que ti quixeses nin o desexases, aínda que fose a túa parella.

NON VOU CALAR!

Aproveitaron que estabas durmida ou durmido e/ou inconsciente para tocarte, bicarte ou manter relacións sexuais sen o teu consentimento

A túa parella, unha amizade, unha persoa coñecida, un familiar,... forzoute con insinuacións ou propostas sexuais que ti non desexabas

CÓNTAO

Se te sintes incómoda ante certos achegamentos se non sabes se son unha broma. Se tes sentimentos confusos, contraditorios e non sabes que facer. Se pensas que non serás aceptada se rexeitas ese achegamento...

REACCIONA

É conveniente DENUNCIAR A AGRESIÓN canto antes, isto facilitará a identificación da persoa agresora. Se podes escribe ou tenta reter todo o que che ocorreu, os detalles sobre a persoa, as testemuñas, se pensas que te obrigaron a inxerir algún tipo de sustancia ou drogas....

NON TES CULPA!

É posible que a persoa que te agrediu, tqueira culparte. Tamén haberá alguén do teu contorno que quizáis non te entenda. Pero tamén contarás coas persoas que che mostran o seu apoio e o seu cariño. Confía nelas.

Como podemos axudar. Que podemos facer!

que **FACER** se sabes que agrediron sexualmente a unha persoa do teu contorno

Escoitádea con respecto. Crede nela. Agora máis ca nunca precisa do voso apoio

Non a culpedes. O único culpable é a persoa agresora.

Buscade axuda nunha persoa adulta de confianza.

Existen servizos que contan con profesionais que atenden a vítimas de agresións sexuais.

Non aumentedes o seu sufrimento sinalándoa e poñéndoa en “boca de todos/todas”

Non confundades quen é a persoa culpable. Non evitedes nin illedes á vítima.

O que se merece o voso rexeitamento e o voso illamento é a persoa agresora.

As agresións, abusos e o acoso sexual, **SON DELITOS** contra a liberdade sexual.

LEMBRA QUE AS MOZAS E OS MOZOS

...saimos de festa para pasalo ben. Sobre todo!... e algunhas veces para ligar!

...a rúa pola noite non é tan segura para as mozas como para os mozos

...fixate cando saias, se algunha vez ves a alguén acosando a unha moza. Ou, se ti es unha..., igual tiveches que aguantar que alguén quixese algo contigo que ti non querías e se puxese pesado; ou para non pasar medo ao ir soa pola rúa, tiveches que pedir a alguén que te acompañase ou mesmo pedir un taxi.

... estar pola rúa, e ser libre de facelo é un dereito para todos.... e **PARA TODAS!**

Como podemos axudar?

Que **FACER** se sabes que agrediron sexualmente a unha persoa do teu contorno?

Escoitádea con respecto. Crede nela. Agora máis ca nunca precisa do voso apoio

Non a culpedes. O único culpable é a persoa agresora.

ESTAMOS CONTIGO

Buscade axuda nunha persoa adulta de confianza.

Existen servizos que contan con profesionais que atenden a vítimas de agresións sexuais.

Non aumentedes o seu sufrimento sinalándoa ou evitándoa

O que se merece o voso rexeitamento e illamento é a persoa agresora.

LEMBRA QUE AS MOZAS E OS MOZOS ...

...a rúa pola noite non é tan segura para as mozas como para os mozos

...fíxate cando saias, se algunha vez ves a alguén acosando a unha moza. Igual ti mesma tiveches que evitar a algún pesado; ou pasaches medo ao ir soa pola rúa.

...Saimos de festa para PASALO BEN. Sobre todo!... e algunhas veces para LIGAR!

... estar pola rúa, e ser libre de facelo é un dereito para todos... e **PARA TODAS!**



Exerciches violencia sexual?

Utilizas xestos obscenos para intimidar as mozas e os mozos
Aproveítas xogos ou bromas para tocar ou bicar a outra persoa
Controlas a todas horas onde e con quen está e o que fai a túa parella cando non está contigo
Compartiches fotos ou vídeos sexuais da túa parella, ou doutras mozas ou mozos a través do teu móbil, internet ou das redes sociais
Revisas o móbil da túa parella: as súas mensaxes, as súas chamadas, ... Tes ciumes de calquera que se achega á túa parella
Presionas a túa parella para que non use certo tipo de roupa, ou moléstaste se o fai
Obrigaches a alguén a bicarte, espirse perante túa ou a tocarche na túas partes íntimas
Mantiveches relacións sexuais con alguén durmida/o ou ben inconsciente
Forzaches, intimidaches ou presionaches a outra persoa para conseguir que aceptase a túa proposta sexual
Fuches cómplice ou miraches para outro lado permitindo co teu silencio que unha persoa sufrise unha agresión sexual.

...REFLEXIONA !

**AS TÚAS RELACIÓNS COS E COAS DEMÁIS SON
DE CONTROL E DE VIOLENCIA**

Cambia a túa forma de relacionarte !!

Exerciches violencia sexual?

Utilizas xestos obscenos para intimidar as mozas e os mozos

Controlas a todas horas onde e con quen está e o que fai a túa noiva/o cando non está contigo

Revisas o móbil da túa parella; as súas mensaxes, as súas chamadas, ... Tes ciumes de calquera que se lle achega

Aproveítas xogos ou bromas para tocar ou bicar a outra persoa

Presionas a túa parella para que non use certo tipo de roupa, ou moléstaste se o fai

Obrigaches a alguén a bicarte, espirse perante túa ou a tocarche nas túas partes íntimas

Compartiches fotos ou vídeos sexuais dalgunha amiga ou amigo a través do teu móbil, internet ou das redes sociais

Fuches cómplice ou miraches para outro lado permitindo co teu silencio que unha persoa sufrise unha agresión sexual.

Forzaches, intimidaches ou presionaches a outra persoa para conseguir que aceptase a túa proposta sexual



As túas relacións cos e coas demais son de control e de violencia

REFLEXIONA!

Cambia a túa forma de relacionarte !!

A VIOLENCIA DE XÉNERO É

Todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado sufrimento físico, sexual ou psicolóxico. Inclúense tamén as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública coma na privada.

A violencia contra as mulleres e as mozas é a manifestación extrema da desigualdade e do sometimento no que viven as mulleres no mundo. Constitúe un atentado contra o dereito á vida, á seguridade, á liberdade e á dignidade das mulleres e das mozas e polo tanto un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade democrática.

Os malos tratos son un camiño sen retorno, onde as relacións violentas non aparecen accidentalmente, nin de xeito imprevisto. Os abusos e chantaxes emocionais poden ser o inicio dun longo proceso cíclico que pode rematar coa vida da moza que os sofre.

Seguro que sabes que a violencia de xénero non só pode ocorrer nas parellas maiores, senón que pode empezar nas relacións de noivado. Como cando nos namoramos de alguén “loucamente” e non somos quen de ver que non nos quere ben, senón que nos manipula, que nos trata como un obxecto ou intenta cambiar a nosa forma de ser.

Namorarse de alguén ou ter unha relación que vaia máis alá dun rollo, non é tan fácil; ás veces enganchámonos con alguén que... non nos trata demasiado ben. Son relacións Tóxicas!!

A violencia sexual é unha manifestación da **VIOLENCIA DE XÉNERO**

A onde podes acudir na cidade de Vigo

Teléfonos de urxencia e información

Emerxencias 112

Urxencias sanitarias 061

Urxencia Policía Municipal 092

Urxencia Policía Nacional 091

Teléfono de información do/da menor: 116111

CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER (CIM)

Atención social, xurídica e psicolóxica.

Rúa Romil, 20-baixo

T: 986 293 963

Consultas on-line: www.igualdadevigo.org/violencia

CENTRO QUEROTE + (Vigo)

Asesoramento afectivo-sexual para a mocidade

Rúa Ferrería, 47

Consultas on-line: www.querote.org

T: 986 095 977

Violencia de xénero

Que é?

Todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado sufrimento físico, sexual ou psicolóxico. Incluídas as ameazas, a coacción ou a privación da liberdade



A violencia contra as mulleres e as mozas é a manifestación extrema da desigualdade e do sometimento no que viven as mulleres no mundo. Constitúe un atentado contra o dereito á vida, á seguridade, á liberdade e á dignidade das mulleres e das mozas e polo tanto un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade democrática.

Os malos tratos poden comezar no noivado. Os abusos e chantaxes emocionais poden ser o inicio dun proceso que pode rematar coa vida da moza que os sofre.

Namorarse de alguén ou ter unha relación que vaia máis alá dun rollo, non é tan fácil; ás veces enganchámonos con alguén que... non nos trata demasiado ben. Son relacións tóxicas!

A violencia sexual é unha manifestación da **VIOLENCIA DE XÉNERO**

Onde acudir na cidade de Vigo

CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER (CIM)
Atención social, xurídica e psicolóxica.

Rúa Romil, 20-baixo
T: 986 293 963
Consultas on-line:
www.igualdadevigo.org/violencia

CENTRO QUEROTE + (Vigo)
Asesoramento afectivo-sexual para a mocidade

Rúa Ferrería, 47
T: 986 095 977
Consultas on-line: www.querote.org

Teléfonos de urxencia e información

Emerxencias
112

Urxencias sanitarias
061

Urxencia Policía Municipal
092

Urxencia Policía Nacional
091

Teléfono de información do/da menor
116111

**+
INFO**



QUÉRETE !

DECIDE CON LIBERDADE SOBRE A TÚA VIDA E SOBRE AS TÚAS RELACIÓNS DE PARELLA

Observa o teu contorno e reforza decote diariamente a túa autoestima e mantente atenta/atento para detectar comportamentos de violencia sexual.

- O teu corpo é teu e calquera relación debe ir sempre ata onde ti queiras chegar: nunca máis alá. Non valen as comparacións, queixas chantaxes, imposicións,...
- Quedar cunha moza ou mozo para ligar non significa chegar ata onde o outro/a outra queira.
- Estar cunha parella estable non significa cumprir ou someterse aos desexos do outro/da outra: propostas, xogos,.... que che fagan sentir mal.
- Recoñece e mantente atento/a aos comportamentos que son descualificacións e agresións.
- Identifica as diferenzas entre amizade, afectividade, sexualidade enganosa,...
- A sexualidade vívese na intimidade, pero as relacións afectivas non se agochan. O que se oculta normalmente non é bo: os sentimentos bos exprésanse e compártense perante os outros e as outras.

Rexeita con forza todo tipo de relación imposta.

Unha relación sexual sa implica mutuo acordo e desexo de ambas as dúas partes, **RESPECTO CARA A UNHA/UN MESMA/O e CARA A OUTRA PERSOA:** párate a pensar e goza dunha sexualidade sa, divertida e responsable.

**TI ES A PERSOA MÁIS IMPORTANTE DA TÚA VIDA.
DECIDE CON LIBERDADE SOBRE A TÚA VIDA E
SOBRE AS TÚAS RELACIÓNS DE PARELLA
COÍDATE!!**

E LEMBRA QUE

Non é normal ter relacións sexuais obrigadas

Non é normal as sobas e bicos indesexados

Non é normal que rexeite poñer o preservativo nas relacións sexuais

Non é normal que me presione para que use certo tipo de roupa

Non é normal que teña ciumes de calquera que se me achegue

Non é normal que non lle guste que saia coas miñas amizades ou que teña que pedirlle permiso para facelo.


Non é normal que non poida decidir cando rematar a miña relación

Quérete!!

Observa o teu contorno e reforza a túa autoestima e mantente atenta/atento para detectar comportamentos de violencia sexual.

- + O teu corpo é teu e calquera relación debe ir sempre ata onde ti queiras chegar: nunca máis alá. Non valen as comparacións, queixas, chantaxes, imposicións,...
- + Quedar cunha moza ou mozo para ligar non significa chegar ata onde o outro ou a outra queira.
- + Estar cunha parella estable non significa cumprir ou someterse aos desexos do outro/da outra: propostas, xogos,.... que che fagan sentir mal.
- + Recoñece e mantente atento/a aos comportamentos que son descualificacións e agresións.
- + Identifica as diferenzas entre amizade, afectividade, sexualidade enganosa,...
- + A sexualidade vívese na intimidade, pero as relacións afectivas non se agochan. O que se oculta normalmente non é bo: os sentimentos bos exprésanse e compártense perante os outros e as outras.

DECIDE CON LIBERDADE SOBRE A TÚA VIDA, E SOBRE AS TÚAS RELACIONES



Unha RELACIÓN SEXUAL SA implica mutuo acordo e desexo de ambas as dúas partes, RESPECTO CARA A UNHA/UN MESMA/O e CARA A OUTRA PERSOA: párate a pensar e goza dunha sexualidade sa, divertida e responsable.

COIDATE!!

TI ES A PERSOA MÁIS IMPORTANTE. DECIDE CON LIBERDADE SOBRE A TÚA VIDA E SOBRE AS TÚAS RELACIONES DE PARELLA

LEMBRA...

- Non é normal ter relacións sexuais obrigadas
- Non é normal as sobas e bicos indesexados
- Non é normal que rexeite poñer o preservativo nas relacións sexuais
- Non é normal que me presione para que use certo tipo de roupa
- Non é normal que teña ciumes de calquera que se me achegue
- Non é normal que non lle guste que saia coas miñas amigas ou que teña que pedirlle permiso para facelo.
- Non é normal que non poida decidir cando rematar a miña relación

Rexeita con forza todo tipo de relación imposta.

QUÉRETE !

DECIDE CON LIBERDADE, VIVE EN IGUALDADE

As mozas e os mozos poden vivir en igualdade coa liberdade de decidir sobre as súas vidas **SEN CONDICIONANTES SEXISTAS**
RESPECTA OS DESEXOS E AS IDEAS DAS OUTRAS PERSOAS, non teñen que pensar nin desexar o mesmo ca ti

Cada persoa é única e irrepetible. Pode ser alta, baixa, gorda, fraca, dunha ou doutra cor de pel, heterosexual, homesexual, pero ningunha destas características ou diferenzas poden xustificar un trato desigual ou discriminatorio. **RESPECTA AS DIFERENZAS**

Lembras que para ser valiosa/o non é necesario comportarse coma as e os demais; ser unha modelo perfecta e delgada, nin ser o tío máis forte e con máis abdominais do lugar...!. Ser como queres ser é o máis importante para ser libre.

Todas e todos somos diferentes independentemente do noso sexo. É un dereito vivir e desenvolver esa diferenza na sociedade. So obtendo a igualdade podemos ser diferentes. Se non somos iguais seremos desiguais, non diferentes.

ANÍMASTE A ANALIZAR SE A TÚA RELACIÓN É DE BO TRATO...?

Se cada un ten o seu espazo propio: ti tes amizades, afeccións propias e momentos para facer cousas que che gustan, e el/ela tamén ten os seus. Non necesitas ser un “pack” de 2x1 senón que aceptedes que a outra parte tamén teña a súa propia vida!

Se ten en conta as túas opinións e respecta que penses diferente. Se sodes quen de falar e comunicar as cousas porque ningún ten razón sempre.

Se che reconece o que ti vales, se che mostra cariño, se che di o que lle gusta de ti algunha vez e fala ben de ti ás demais persoas.... e ti tamén o fas.

Se lle gustas tal e como es; se lle parece ben como vistes e non intenta cambiarte. Porque a túa forma de ser, de vestir, de pensar, e o que queres facer na vida decídelo ti.

Se entende e respecta que fales con outros mozos e mozas, e non intenta chantaxearte, nin facerte sentir mal para que non saias,... porque tendes confianza mutua.

Se estás con esa persoa porque queres e non por non estar soa ou só. Porque non é obrigatorio nin ter parella nin buscar unha historia de amor de película.

Se che di que te quere.... pero ademais demostracho. Porque decir “tq” non é o mesmo que demostralo, e demostralo implica estar aí nos momentos difíciles, intentar arranxar os conflitos, e por suposto pasar bos momentos xunt@s!

Quérete!!

DECIDE CON LIBERDADE,
VIVE EN IGUALDADE

Cada persoa é única e irrepetible. Pode ser alta, baixa, gorda, fraca, dunha ou doutra cor de pel, heterosexual, homosexual... pero ningunha destas características ou diferenzas poden xustificar un trato desigual ou discriminatorio.

RESPECTA AS DIFERENZAS



ANÍMASTE A ANALIZAR SE A TÚA RELACIÓN É DE BO TRATO...?

Se cada un/unha ten o seu **espazo propio**: ti tes amizades, afeccións propias e momentos para facer cousas que che gustan, e el/ela tamén ten os seus. Non necesitas ser un "pack" de 2x1 senón que aceptedes que a outra parte tamén teña a súa propia vida!

Se ten en conta as túas opinións e respecta que **penses diferente**. Se sodes quen de falar e comunicar as cousas porque ningún ten razón sempre.

Se che **recoñece o que ti vales**, se che mostra cariño, se che di o que lle gusta de ti algunha vez e fala ben de ti ás demais persoas...

Se lle gustas tal e como es; se lle parece ben como vistes e non intenta cambiarte. Porque a túa forma de ser, de vestir, de pensar, e o que queres facer na vida decídolo ti.

Se entende e respecta que fales con outros mozos e mozas, e non intenta chantaxearte, controlarte, nin facerte sentir mal para que non sajas,... porque tendes **confianza mutua**.

Se estás con esa persoa porque queres e non por non estar soa ou só. Porque **non é obrigatorio** nin ter parella nin buscar unha historia de amor de película.

Se che di que te quere... pero ademais demostrácho. Porque dicir "tq" non é o mesmo que demostralo, e demostralo implica estar aí nos momentos difíciles, intentar arranxar os conflitos, e por suposto **pasar bos momentos xunt@s!**

Exposición itinerante

A VIOLENCIA SEXUAL NA XUVENTUDE. INFÓRMATE!

formulario para a solicitude da exposición

Datos do centro

Nome do centro

Enderezo

Teléfono

Datos da expo:

Datas preferentes

Localización

Data

Datos da persoa/-s
responsable:

Nome e cargo

Teléfono de contacto

E-mail

Nome e cargo

Teléfono de contacto

E-mail

Público obxectivo

CONCELLO
DE VIGO



www.igualdadevigo.org

Exposición itinerante

VIOLENCIA

SEXUAL

NA XUVENTUDE

INFÓRMATE!

- **Dossier** -